



O poeta e columnista Ismael Ramos gaña o V Premio de Xornalismo Lueiro Rey

Reunidos, na cidade de Pontevedra, o 19 de maio de 2022, ás 18:00 horas O xurado composto por Ramón Nicolás, Ramón Rozas, Carme Vidal con Carme Carreiro como secretaria decidiu conceder o V Premio M. Lueiro Rey de Xornalismo convocado polo concello de Fornelos de Montes ao artigo titulado "Mentres tanto, dáme a man", presentado co lema liliaceae tulipa. Unha vez aberta a plica, o autor resultou ser o poeta, profesor e columnista Ismael Ramos.

O xurado, que tomou a decisión por unanimidade, destacou que o artigo se axusta "ao contido social que se demanda na convocatoria do premio e responde a unha temática de grande actualidade". No artigo, segundo o xurado, o autor "aborda e visibiliza a homofobia desde o relato da vivencia dun mozo que a padece ao longo da súa vida mais tamén denunciando a discriminación e a violencia que se exerce contra as persoas do colectivo lgtb+".

No artigo, apuntan, o autor introduce a figura da nai do protagonista como "contrapunto á violencia contra as persoas que defenden a súa liberdade sexual". "O apoio, o afecto, mais tamén o medo da nai son, sen dúbida, un elemento de grande interese que transmite emoción e ofrece unha perspectiva singular e unha visión moi persoal á hora de achegarse á violencia sexista", anota o xurado.

Ademais, o xurado valorou tamén "a calidade literaria do artigo, con grandes acertos que introducen expresións de fondo alento poético".

Ismael Ramos (Mazaricos, 1994) publicou os poemarios *Lixeiro* (Xerais, 2021), *Lumes* (Apiario, 2017) e *Os fillos da fame* (Premio Johán Carballeira, Xerais, 2016). Pola tradución ao castelán de *Lumes -Fuegos* (La Bella Varsovia, 2019)-recibiu o Premio Javier Morote outorgado polas librarías independentes

españolas (CEGAL) ao mellor libro publicado por un autor novo nese ano. Poemas e libros seus foron traducidos xa unha ducia de linguas e ten participado en festivais e encontros literarios nacionais e internacionais. Colabora habitualmente como columnista de opinión en elDiario.es.

Asinan a presente ás 19:20, no lugar amentado.



Ramón Nicolás Rodríguez

Presidente do xurado



Carmen Vidal Lage

Vogal



Ramón Rozas Domínguez

Vogal



Carmen Carreiro Montero

Secretaria